

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e cinco de febreiro de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as once horas trinta

minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 21 de febreiro de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO PARA A APLICACIÓN DE SOLUCIÓNS BASEADAS NA NATUREZA ORIENTADAS Á PREVENCIÓN DE RISCOS ASOCIADOS AO CAMBIO CLIMÁTICO

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Orde do 29 de xaneiro de 2025 da Consellería de Medio Ambiente e Cambio

Climático, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de axudas a entidades locais de Galicia para a aplicación de solucións baseadas na natureza orientadas á prevención de riscos asociados ao cambio climático en espazos urbanos e periurbanos (programa Galicia refuxio climático), e se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, para o ano 2025 (DOG núm. 33, do 18/02/25). O Sr. alcalde informa que considera conveniente para o interese público optar a dita subvención, para a realización dunha serie de actuacións de restauración de varias zonas do treito urbano do río Rodeiro que foron moi afectadas por mor da inundacións acaecidas no mes de xaneiro de 2023.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático unha subvención por importe de SESENTA MIL EUROS (60.000,00 €) para o proxecto denominado “*Actuacións de restauración do treito urbano do río de Rodeiro*”, cun orzamento total de SETENTA E SEIS MIL CENTO NOVENTA E TRES EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (76.193,70 €), IVE incluído.

Segundo.- Aprobar a Memoria técnica valorada da actuación solicitada redactada polo enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Bardelás Lamas.

Terceiro.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Cuarto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e calquera outra documentación que resulte necesaria para a efectividade do acordado.

3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE (PROGRAMA DO PLAN CORRESPONSABLES NO ÁMBITO LOCAL)

O Sr. alcalde informa á Xunta de Goberno Local da Orde do 3 de xaneiro de 2025 da Consellería de Política Social e Igualdade, pola que se establecen

as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, parcialmente cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (DOG núm. 25, do 06/02/25), e a conveniencia de solicitar a axuda para o desenvolvemento do programa denominado “*Concilia Rodeiro 2025*”, que ten como obxectivo potenciar a conciliación dos tempos persoais, familiares e laborais das unidades familiares con menores ao seu cargo, en idade de escolarización obrigatoria, durante as tardes do período lectivo (do día 1 de outubro de 2024 ao día 30 de setembro do corrente, ambos incluídos), así como en horario de mañá nos períodos non lectivos de Nadal, Entroido, Semana Santa e verán.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Política Social e Igualdade unha subvención por importe de TRINTA E CINCO MIL EUROS (35.000,00 €) para o desenvolvemento do programa “*Concilia Rodeiro 2025*”, ao abeiro do Plan Corresponsables no ámbito local.

Segundo.- Aprobar a memoria descritiva do programa para o que se solicita subvención, redactada polos servizos municipais, cun importe total, correspondente a custos directos de persoal, por importe de TRINTA E CINCO MIL EUROS (35.000,00 €).

Terceiro.- Comprometerse a levar a cabo na súa totalidade as actuacións que se conteñen na memoria, no suposto de ser beneficiario da axuda solicitada.

Cuarto.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Quinto.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Sexto.- Designar para as funcións de coordinación e comunicación coa Consellería de Política Social e Igualdade para aspectos relacionados coa

tramitación do expediente á educadora familiar do Concello Dona Ana Belén Rodríguez Pérez.

Sétimo.- Facultar ao alcalde do Concello para que, na representación desta Entidade Local, asine cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

4.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A CREACIÓN E/OU MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓNS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2025, EN XESTIÓN COMPARTIDA CO CONCELLO DE AGOLADA

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Orde do 14 de xaneiro de 2025 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2025, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (DOG núm. 18, do 28/01/25). O Sr. alcalde informa que considera conveniente optar a dita subvención, na modalidade de xestión compartida co Concello de Agolada, para a realización de obras dun camiño municipal no lugar da Torre, parroquia de Guillar, que descorre entre os termos municipais de Rodeiro e Agolada.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes unha subvención, en xestión compartida co Concello de Agolada, por importe de CINCUENTA MIL EUROS (50.000,00 €) para o investimento denominado “*Pavimentación de camiño municipal entre os lugares da Torre (Rodeiro) e Axiáz (Agolada)*”, cun orzamento total de OITENTA E NOVE MIL SEISCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON VINTE E UN CÉNTIMOS (89.657,21 €), IVE incluído, de conformidade co proxecto técnico do mesmo

nome, aprobado na sesión deste órgano de data 11 de febreiro do corrente, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Román Gómez Fraiz.

Segundo.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

5.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO NA CONVOCATORIA DO PROGRAMA “+RETO DIXITAL” DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes das Bases reguladoras do programa “+Reto Dixital” da Deputación de Pontevedra dirixido a concellos de reto demográfico da provincia de Pontevedra, co fin de formar e capacitar en competencias dixitais a persoas maiores de 50 anos, publicadas no BOP núm. 37, correspondente ao día 24 de febreiro do corrente, e da conveniencia de solicitar a participación do Concello na convocatoria para proporcionar, a través da participación en obradoiros específicos, que as persoas maiores de 50 anos empadroadas no Concello acaden unha formación e unha capacitación dixital que lles permita o acceso a servizos da Administración electrónica, así como unha maior autonomía nas xestións relacionadas co uso das novas tecnoloxías.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar a participación do Concello no programa “+Reto Dixital” da Deputación de Pontevedra.

Segundo.- Comprometerse a cumprir coas obrigas sinaladas na base décimo primeira.

Terceiro.- Solicitar os seguintes obradoiros de entre os ofertados:

- ✓ Sergas, a súa aplicación electrónica e TELEA.
- ✓ As redes sociais.
- ✓ Uso da banca móbil e as compras electrónicas (adicional).

Cuarto.- Facultar ao alcalde do Concello para que, na representación desta Entidade Local, asine cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

6.- CONTRATACIÓN DUNHA (1) TRABALLADORA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2025 (LIÑA 3)

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 5 de febreiro do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación dun posto de traballo subvencionado ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego 2025.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as ao posto de traballo ofertado, correspondente ao perfil profesional de traballador/a social (RS núm. 50, do 06/02/25). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello as seguintes candidatas:

Traballadora social (oferta núm. [REDACTED])

- García Fuentes, Tamara
- Granja Fernández, Verónica
- Liñares Lazcorreta, María Esther
- Novoa Froiz, Lucía

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse ás candidatas preseleccionadas un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación as seguintes candidatas:

- Granja Fernández, Verónica (RE-E núm. 117 e 119, do 13/02/25)
- Novoa Froiz, Lucía (RE-E núm. 123, do 14/02/25)
- Liñares Lazcorreta, María Esther (RE núm. 211, do 17/02/25)

— García Fuentes, Tamara (RE núm. 213, do 17/02/25)

O Tribunal de selección previsto nas Bases, reunido o día 24 de febreiro do corrente, procedeu á comprobación do cumprimento por parte das candidatas presentadas dos requisitos establecidos nas bases, admitíndoas ao proceso selectivo.

Procederon deseguido á valoración dos méritos das candidatas admitidas, co seguinte resultado:

CANDIDATA	PUNTUACIÓN TOTAL
VERÓNICA GRANJA FERNÁNDEZ	1,05
LUCÍA NOVOA FROIZ	1,85
MARÍA ESTHER LIÑARES LAZCORRETA	0,50
TAMARA GARCÍA FUENTES	4,15

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada polo Tribunal de selección e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo parcial (25 horas/semana), por un período de catro meses e medio, da traballadora que deseguido se sinala:

Traballadora social

NOME E APELIDOS	DNI
TAMARA GARCÍA FUENTES	██████████

RESERVAS:

LUCÍA NOVOA FROIZ
VERÓNICA GRANJA FERNÁNDEZ
MARÍA ESTHER LIÑARES LAZCORRETA

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

7.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 7 DA OBRA DE “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA B DE RODEIRO”, INCLUÍDA NO PROGRAMA PON2030

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 7 correspondente á obra de “*Humanización e mellora peonil da rúa B de Rodeiro*”, incluída no Programa PON2030, por importe de DEZA OITO MIL CATROCENTOS OITENTA E UN EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (18.481,85 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo director de obra Don Antonio Carro Núñez.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L., por un importe de 18.481,85 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 25/004 (FACe), de data 14/02/25, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

8.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 291,88 €
Por subministro de tinta para impresoras, s/factura núm. 25A/208 (FACe).
- SISTEMAS INFORMÁTICOS ANDIÓN Y MOURIÑO S.L. 190,55 €
Por subministro de diverso material informático, s/factura núm. 24331.
- SISTEMAS INFORMÁTICOS ANDIÓN Y MOURIÑO S.L. 1.188,22 €
Por licenza anual de antivirus para equipos municipais e almacenamento na nube, s/factura núm. 24346.

- GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A. 556,94 € E 242,51 €
Por consumos eléctricos do alumado e bombeo do S.UR.ND.I-1, s/facturas núm. PI25142000025416 e PI25142000025418 (FACe).
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 28,00 € E 30,13 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7G50000846 e TA7G50000854 (FACe).
- CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES S.L. 4.419,77 €
Honorario por confección de proxecto técnico de “*Mellora de camiño municipal en Ourín-Asperelo*”, s/factura núm. 2025/9 (FACe).
- UNAYTA OFICINA SIN PAPELES S.L. 1.633,50 €
Honorario por confección de auditoría documental no arquivo municipal, s/factura núm. B/4493 (FACe).
- PABLO CARRÓN REBOREDO 198,78 € E 45,98 €
Por subministro de calzado e roupa de traballo para as traballadoras do Punto de Atención á Infancia (PAI), s/facturas núm. A/3514 e B/325.
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 59,21 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de xaneiro de 2025, s/factura núm. 25ZNX0039068 (FACe).
- MARCOS GARCÍA VILLANUEVA 319,74 €
Por traballos de instalación de pechadura electrónica no Centro Cultural Municipal, s/factura núm. G-2025012.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)